

## **JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-**

### **INFORMA:**

Co fin de evitar as recargas na factura eléctrica, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) xunto co Instituto Galego de Consumo (IGC), realizan unha campaña informativa dirixida especialmente a:

- **USUARIOS QUE TEÑAN CONTRATADOS MÁIS DE 10 Kw** que para aforrar na factura da luz deberán contactar con algunha das empresas comercializadoras de enerxía eléctrica e solicitarlles ofertas (a listaxe das mesmas pódese obter en [www.cne.es](http://www.cne.es)).
- **CLIENTES CON POTENCIA CONTRATADA INFERIOR A 3 Kw**, que poderán acudir ao mercado libre ou manterse na solución actual, na chamada **Tarifa de Último Recurso (TUR)**, tarifa regulada polo goberno. Neste último caso, os consumidores domésticos poden acollerse ao chamado **BONO SOCIAL** que implica unha conxelación ata o 2012 do recibo da luz na vivenda habitual para o que é preciso estar nalgunha das seguintes situacións:
  - Ter unha potencia contratada inferior aos 3 Kw.
  - Ser pensionista con prestacións mínimas.
  - Ser familia numerosa.
  - Que todos os membros da unidade familiar en idade de traballar estean en situación de desemprego.

Outeiro de Rei, 14 de decembro de 2010

O alcalde,